



# BOP

JUEVES, 13 DE MAYO DE 2010

Nº 107

## DIPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org  
www.deputacionlugo.org

Dep. Legal: LU - 1 - 1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Teléf.: 982 26 01 24/25/26 - fax: 982 26 02 05

### Excma. Deputación Provincial

#### Vicepresidencia Primeira

Servizo de Cultura e Deporte

#### Anuncio

De acordo co artigo 9 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións dase publicidade ás bases que rexerán no procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións destinadas a deportistas individuais da provincia de Lugo na anualidade 2010 e o seu modelo de solicitude aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo na súa sesión do día 7 de maio de 2010:

**CONVOCATORIA E BASES DA ÁREA DE CULTURA E DEPORTE DA DEPUTACIÓN DE LUGO QUE REXERÁN A OFERTA DE BOLSAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2010.**

A Área de Cultura e Deporte da Deputación de Lugo, é o órgano da Administración provincial que ten atribuídas as competencias en materia de deporte.

Para impulsar a práctica deportiva, a Vicepresidencia Primeira da Deputación, a través da Área de Deportes e Cultura, convoca bolsas para a promoción e difusión do deporte, sendo consciente das dificultades que teñen moitos deportistas -especialmente nas etapas de iniciación e de continuidade- para progresar na súa formación integral. Do mesmo xeito, estas axudas van dirixidas tamén aos deportistas en activo dedicados á investigación deportiva.

É polo que, será necesario establecer as bases reguladoras da concesión destas bolsas, de conformidade co disposto na Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Por todo isto,

#### EXPOÑO

**PRIMEIRO.- OBXECTO E FINALIDADE.**

Por medio destas bases establécense os criterios reguladores para proceder á convocatoria do programa de

bolsas para deportistas individuais da provincia para a temporada 2009 - 2010, que se inclúen como anexos e nos que se detallan os requisitos específicos que deben reunir as persoas solicitantes.

Ten a consideración de deporte de "carácter individual" todos aqueles deportes que, segundo a súa regulamentación, son practicados por un ou por dous deportistas máximos.

As bolsas -reguladas nas presentes bases- concederanse en réxime de concorrencia competitiva e baixo os principios de publicidade, obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia, terán como obxecto o de apoiar a práctica e o rendemento deportivo, tanto en relación ao perfeccionamento técnico e a obtención de maior rendemento nas respectivas modalidades deportivas, como na de posibilitar a súa participación en eventos deportivos, facilitándolles aos deportistas da provincia o acceso a unha preparación integral axeitada.

Establécense catro grupos de beneficiarios, segundo a idade dos aspirantes ás bolsas:

- Grupo A.- De 14 a 16 anos (cumpridos antes do 31 de decembro do 2010). Para esta categoría ou grupo destinaranse 15.000 euros do orzamento total da convocatoria.

- Grupo B.- De 17 a 18 anos (cumpridos antes do 31 de decembro do 2010). Para esta categoría ou grupo destinaranse 20.000 euros

- Grupo C.- Maiores de 18 anos. Para esta categoría ou grupo destinaranse 15.000 euros

- Grupo D. Axudas extraordinarias: Este grupo constitúe o primeiro paso para acceder ás axudas, e sérvelles de acollida a aqueles deportistas que, pola súa xuventude teñen un futuro prometedor, ou que practiquen disciplinas deportivas de federacións minoritarias en expansión, ou sendo bolseiros en anteriores edicións baixaran o seu rendemento deportivo, por exemplo por mor dunha lesión ou enfermidade.

Para esta categoría ou grupo destinaranse 10.000 euros.

- Naquelas especialidades deportivas nas que o máximo rendimento se pode producir en idades temperás (ximnasia artística, natación,...) poderase pasar un bolseiro dun grupo a outro, segundo o criterio do tribunal cualificador. Asemade poderase traspasar orzamento dun grupo a outro, se non houberse demanda suficiente en algún dos grupos ou categorías.

- As bolsas terán un importe máximo de 2.000 euros cada unha delas.

Exclúense da presente convocatoria os cursos dirixidos á obtención de títulos académicos ou deportivos.

#### SEGUNDO.- DURACIÓN E CONTÍA.

As bolsas, adxudicadas en función dos méritos deportivos acadados no ano 2009, terán como fundamento a promoción, o fomento e maila continuidade da práctica deportiva.

A dotación orzamentaria total da presente convocatoria é de 60.000 euros con cargo aos orzamentos xerais da Deputación de Lugo para o ano 2010, habilitándose o crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria 3410/481, segundo se recolle no Plan Estratéxico dentro da liña B.4, apartado A) da Área de Cultura.

O orzamento previsto repartirase do seguinte xeito:

- Dotación para grupo A: 15.000 euros
- Dotación para grupo B: 20.000 euros.
- Dotación para grupo C: 15.000 euros.
- Dotación para grupo D: 10.000 euros.

O importe das bolsas non excederá, en ningún caso, a cantidade de 2.000 euros (2.000 €) para cada unha das bolsas convocadas e poderán concederse subvencións de diferente contía, en función dos méritos, categoría dos deportistas solicitantes e do número de solicitantes. Non obstante, a Comisión de Valoración Técnica poderá propoñer transferir o importe da dotación económica dos grupos en función do número de solicitudes.

Estas bolsas non serán compatibles con outras axudas públicas da Deputación de Lugo para a mesma finalidade.

#### TERCEIRO.- SOLICITANTES, REQUISITOS XERAIS.

Poderán participar nesta convocatoria os/as deportistas da provincia que reúnan os seguintes requisitos:

3.1.- Ter residencia en calquera dos municipios da provincia no momento da convocatoria.

3.2.- Dispoñer de licenza deportiva vixente no momento da convocatoria expedida pola Federación Galega Deportiva correspondente, e pertencer a un club galego nos últimos 2 anos.

3.3.- Acreditar nivel deportivo na modalidade practicaada e ter proxección nas previsións de futuro.

3.4.- As demáis establecidas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións, e aplicables no presente caso.

3.5.- Protección de datos de carácter persoal.

A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas.

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación dacordo co previsto na Lei Orgánica 15/99 de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente á xestión e tramitación do expediente correspondente.

#### CUARTO.- DOCUMENTACIÓN.

As solicitudes presentaranse no modelo normalizado que pode obterse na Área de Cultura e Deporte da Deputación de Lugo.

4.1.- Fotocopia do D.N.I.

4.2.- Certificado de empadramento en calquera Concello da provincia de Lugo.

4.3.- Declaración xurada das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas polo solicitante por parte doutras entidades públicas ou privadas (nacionais ou estranxeiras) para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.

4.4.- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario da subvención conforme ao disposto no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.

4.5.- Certificación de estar ó corrente das obrigas coa Axencia Tributaria estatal e coa Facenda Autonómica, e certificación de estar ao corrente das obrigas coa seguridade social.

4.6.- A unidade administrativa recadará de oficio da Tesourería Provincial a información de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias.

4.7.- No caso de haber sido beneficiario de subvencións anteriores, declaración responsable de acreditar o cumprimento das obrigacións inherentes ás mesmas.

4.8.- Certificado de conta bancaria na que necesariamente figurará o solicitante.

4.9.- Fotocopia da licenza federativa en vigor, que deberá estar vixente desde o 1 de xaneiro de 2010 ata a data de publicación desta orde.

4.10.- Historial deportivo obtido durante o ano 2009. Excepcionalmente poderase valorar outros logros de anos anteriores (2007 - 2008), para o caso de competicións que se convoquen cunha periodicidade de dous ou máis anos. Farase constar as participacións e os resultados máis importantes obtidos en competicións provinciais, autonómicas, nacionais ou internacionais, con especificación de datas, lugar e nivel de competición no certificado federativo. Este historial haberá de vir dilixenciado co visto e prace da Federación deportiva correspondente en documento orixinal.

4.11.- As competicións non organizadas polas federacións deportivas deberán ser recoñecidas expresamente pola Federación Galega ou Estatal correspondente, a través de certificación orixinal.

4.12.- Proxecto deportivo para a temporada 2009 - 2010.

4.13.- Se é o caso, certificación que acredite a inclusión no programa preolímpico da Federación Española correspondente ou Consello Superior de Deportes.

4.14.- Serán causas de exclusión a demostración da falsidade documental, a non correspondencia dos orixinais e a incorrección na documentación presentada.

#### QUINTA.- PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES E PRAZO.

5.1.- As solicitudes, xunto coa documentación adicional requirida, presentaranse conforme o modelo oficial que figura no anexo I, debendo ser dirixidas ao Presidente da Deputación de Lugo, presentándoas no Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Lugo ou ben a través dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común, no prazo dun MES, contado a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. O modelo de solicitude estará a dispor dos interesados na Área de Cultura e Deporte da Deputación de Lugo, e tamén na páxina web da Deputación de Lugo (Vicepresidencia Primeira - Área de Cultura e Deporte).

5.2.- Entregarase unha solicitude por cada bolsa.

#### SEXTA.- PROCEDEMENTO.

Recibida a solicitude no Rexistro Xeral da Excm. Deputación Provincial de Lugo, remitiráselle á Área de Cultura e Deporte, dependente da Vicepresidencia 1ª, quen procederá en función do obxecto e finalidade da bolsa solicitada. Os servizos técnicos da Área de Cultura e Deporte revisarán as solicitudes e maila documentación presentada.

6.1.- No caso de estar incompleta, conter erros ou non achegar toda a documentación requirida, poderase reclamar aos solicitantes que enmenden os defectos apreciados, de conformidade ao artigo 71 da Lei 30/92 do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, outorgándose un prazo de dez días hábiles, dende a notificación do requirimento, con indicación de que se transcorridos estes días sen a devandita enmenda, procederase ao arquivo do mesmo.

6.2.- A avaliación das solicitudes realizarase por unha Comisión de Valoración Técnica constituída para o efecto, e que terá a seguinte composición:

- Presidente/a: A Xefa do Servizo de Cultura e Deporte.

- Vocais: 2 técnicos/as da Área de Cultura e Deporte da Deputación de Lugo nomeados polo Vicepresidente Primeiro.

- Secretario: O Secretario Xeral da Deputación ou persoa en quen delegue.

O Vicepresidente Primeiro da Deputación de Lugo propondrá a concesión das bolsas ao órgano competente, quen resolverá. Posteriormente, a resolución será debidamente notificada as persoas solicitantes.

6.3.- O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de seis meses, contados a partir do día seguinte o da publicación no Boletín Oficial da Provincia. Transcorrido dito prazo sen que se adopte resolución expresa, poderase entender desestimada.

6.4.- Non se poderá conceder máis dunha bolsa por solicitante.

#### SÉTIMA.- RESOLUCIÓN, PUBLICIDADE E RECURSOS.

A resolución que poña fin ao procedemento deberá expresar a relación de solicitantes aos que se lle concedan as bolsas convocadas, podendo designar ademais os adxudicatarios suplentes, en orde de prioridade, e maila relación de solicitudes desestimadas - se fose o caso - segundo se establece no artigo 25 da Lei Xeral de Subvencións.

A resolución da adxudicación pon fin á vía administrativo, de acordo co artigo 109 da Lei 30/92 de 26 de novembro, e contra esta cabe interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes desde a notificación ante o mesmo órgano ou ben alternativamente, recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte a publicación referida, perante o Xulgado Contencioso Administrativo de Lugo.

- Poderase declarar deserta a convocatoria se a Comisión de Valoración Técnica considera que ningún dos candidatos/as resulta idóneo/a.

A resolución do procedemento non se fará pública (dada a excepcionalidade que estas bolsas presentan), de acordo co disposto no punto 3, apartado c) e apartado d) do artigo 18 da Lei Xeral de Subvencións.

Transcorrido o período de desfrute da bolsa, as persoas non seleccionadas poderán solicitar a devolución da documentación achegada. Transcorrido o prazo dun ano, procederase, en todo caso, á eliminación da documentación non recollida.

#### NOVENO.- ACEPTACIÓN DAS BOLSAS.

No prazo de dez (10) días naturais seguintes ao da publicación da resolución, os beneficiarios das bolsas deberán comunicar, por escrito, á Área de Cultura e Deporte da Deputación de Lugo a súa aceptación.

Se transcorrido ese prazo non se fixese manifestación expresa en ningún sentido, entenderase como renuncia á bolsa, procedéndose automaticamente á adxudicación da axuda ao seguinte aspirante en puntuación.

#### DÉCIMO.- CONCESIÓN DAS BOLSAS.

A Comisión de Valoración Técnica formularalle a proposta de selección dos bolseiros ao órgano competente,

quen resolverá sobre a concesión das mesmas, sendo debidamente notificadas ás persoas solicitantes.

Do mesmo xeito, a Comisión de Valoración Técnica poderá nomear os suplentes que considere oportuno, establecendo unha orde de prioridade. Os suplentes accederán á bolsa unicamente no caso de existir renuncia -expresa ou tácita- a bolsa, ou incumprimento das bases por parte do titular beneficiario.

#### 10.1.- Criterios de valoración:

a.- Historial deportivo. Asignaráselle ao deportista a puntuación correspondente ao resultado do maior nivel que obtivera no ano 2009 obtida en campionato oficial, ou campionato recoñecido pola federación deportiva correspondente. Excepcionalmente valoraranse os resultados deportivos conseguidos en anos anteriores (2008 - 2009) cando se dea a circunstancia de que ditas competicións se convoquen cunha periodicidade de dous ou máis anos (períodos olímpicos,...), conforme ao baremo seguinte:

**GRUPO 1:** Ata 30 puntos. Estará integrado polos deportistas que cumpren algún dos requisitos seguintes:

- Clasificación nos Xogos Olímpicos ou Campionatos do Mundo Absolutos, ata o rango 10.
- Clasificación en Campionatos de Europa Absolutos, ata o rango 8.
- Figurar na clasificación mundial oficial.

**GRUPO 2:** Ata 20 puntos. Estará integrado polos deportistas que cumpren algún dos requisitos seguintes:

- Clasificación nos Xogos Olímpicos ou Campionatos do Mundo Absolutos, ata o rango 18.
- Clasificación en Campionatos de Europa Absolutos, ata o rango 15.

**GRUPO 3:** Ata 15 puntos. Estará integrado polos deportistas que cumpren algún dos requisitos seguintes:

- Clasificados entre os 6 primeiros no Campionato de España individual.
- Medallista nos Campionatos de España individual.
- Medallista nos Campionatos de España na categoría inferior a sénior na modalidade deportiva individual ou combate e que foran internacionais na súa categoría de idade ou superiores.

**GRUPO 4:** Ata 10 puntos. Estará integrado polos deportistas que cumpren algún dos requisitos seguintes:

- Medallista nos Campionatos do Mundo, Europa, categoría inferior a sénior na modalidade deportiva individual ou de combate.

**GRUPO 5:** Ata 5 puntos. Estará integrado polos deportistas que cumpren algún dos requisitos seguintes:

- Medallista en Campionatos autonómicos, Campionatos universitarios e outros a valorar polo Tribunal Avaliador.

b.- Proxecto deportivo. O interese do proxecto presentado, a proxección de futuro do deportista e a súa progresión: 10 puntos.

c.- Outros méritos. O Tribunal avaliador poderá valorar outros méritos, segundo a documentación presentada polo solicitante. Ata 10 puntos.

Entre estes méritos atópanse:

1.- A pertenza do deportista a un club da provincia de Lugo, con alomenos unha antigüidade dende o 1 de xaneiro do 2009, ou a especial dificultade ou dureza na consecución dalgunha das probas deportivas.

2.- Valorarse como mérito, o expediente académico de cada un dos aspirantes, tendo en conta o seu rendemento óptimo nos estudos que lle correspondan por idade.

3.- Valorarse como mérito, o empadroamento en núcleos ou en entidades de poboación dispersas e pouco poboadas.

4.- Valorarse como mérito, o estar integrado nun grupo de investigación para o desenvolvemento do deporte. Neste caso débese achegar unha memoria do proxecto ou proxectos de investigación nos que estean a traballar ou traballasen.

10.2.- A Comisión de Valoración Técnica poderá nomealos suplentes que considere oportuno, establecendo unha orde de prioridade. Estes suplentes accederán ás bolsas unicamente no caso de existir algunha renuncia -expresa ou tácita- ou incumprimento das bases por parte dos titulares.

10.3.- A resolución A resolución do procedemento non se fará pública (dada a excepcionalidade que estas bolsas presentan), de acordo co disposto no punto 3, apartado c) e apartado d) do artigo 18 da Lei Xeral de Subvencións.

#### DÉCIMO PRIMEIRA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS.

Aos adxudicatarios poderáselles requirir a documentación necesaria para proceder ao pagamento da devandita bolsa. Asemade, estarán obrigados a facilitar toda a información que lles sexa requirida polos órganos competentes -de conformidade coa lexislación aplicable- no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

O pagamento das subvencións levarase a cabo nun só pago, unha vez que o órgano correspondente aprobe o seu aboamento. O pago farase previa proposta efectuada polo Deputado Delegado da Área competente, e tras o Informe do Xefe do Servizo onde se fará constar a existencia e custodia dentro da Unidade administrativa dos seguintes documentos:

- Declaración xurada das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas polo solicitante por parte doutras entidades públicas ou privadas (nacionais ou estranxeiras) para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario da subvención conforme ao disposto no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.

- Certificación de estar ó corrente das obrigas coa Axencia Tributaria estatal e coa Facenda Autonómica.

- Certificación de estar ao corrente das obrigas coa Seguridade Social. A unidade administrativa recadará de oficio da Tesourería Provincial a información de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias.

- Certificado de conta bancaria na que necesariamente figurará o solicitante.

- Fotocopia da licenza federativa en vigor, que deberá estar vixente dende o 1 de xaneiro de 2010 ata a data de publicación desta orde.

- Historial deportivo obtido durante o ano 2009, segundo se recolle no apartado 4.10 das bases, e proxecto deportivo previsto para o ano 2010.

- Non existirá a posibilidade de efectuar pagamentos anticipados e aboamentos a conta da bolsa concedida.

#### DÉCIMO SEGUNDA.- OBRIGAS DOS BOLSEIROS.

- Os beneficiarios ou beneficiarias están obrigados a facilitar a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Deputación de Lugo, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control de destino das bolsas.

12.a.- Cumprir todas as normas establecidas nos apartados anteriores.

12.b.- Participar nas probas ou encontros deportivos correspondentes á súa modalidade e categoría deportiva durante a temporada 2010.

12.c.- Publicitar a súa condición de bolseiro /a da Deputación de Lugo nas competicións e actividades deportivas nas que participe.

#### DÉCIMO TERCEIRA.- RENUNCIA, REVOGACIÓN E REINTEGRO DE CANTIDADES.

- A renuncia á bolsa por parte do beneficiario, unha vez iniciado o goce desta, deberá ser comunicada mediante o correspondente escrito ao Vicepresidente Primeiro da Deputación de Lugo, polo menos con sete días de antelación á data na que se solicite sexa aceptada a súa renuncia. A renuncia dará lugar á devolución das cantidades percibidas, se procede, e determinará a perda dos dereitos económicos da parte da beca non gozada.

- O persoal técnico e facultativo que coordine esta convocatoria de bolsas poderá propoñer ao órgano competente da Deputación de Lugo a revogación das mesmas por falta de dedicación ou incumprimento das condicións sinaladas, con base en informe debidamente motivado, podendo anular os beneficios concedidos e solicitar a devolución das cantidades percibidas, se as

houbera, no prazo que establece o Regulamento Xeral de Recadación.

- A adxudicación das bolsas será igualmente revogada total ou parcialmente no caso de que se comprobase que na súa concesión concorreu ocultación, falsidade de datos, ou que existen incompatibilidades con outros beneficios desta clase procedentes doutras persoas físicas ou xurídicas.

- A solicitude das bolsas implica o coñecemento e aceptación do disposto nestas bases.

#### DISPOSICIÓNS ADICIONAIS.

##### I.- Financiamento.

As bolsas convocaranse con cargo á aplicación orzamentaria 3.410/481, segundo se recolle no Plan Estratégico dentro da liña B.4, apartado A) da Área de Cultura.

##### II.- Réxime xurídico.

a) Para todos aqueles extremos non previstos nestas bases, aplicarase a Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e supletoriamente a Lei 30/92 de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; o R.D. 887/06, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento de Subvencións; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; A ordenanza xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo, aprobada por acordo do Pleno de data 28 de febreiro de 2005; o Regulamento Orgánico da Deputación; as bases de execución do orzamento e a normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión, así como a demais normativa vixente que resulte de aplicación.

##### III.- Recursos.

Ante a resolución que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia, perante o mesmo órgano que adoptou a devandita resolución, ou ben, interpor directamente recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses - a contar dende o seguinte a publicación referida- perante o Xulgado Contencioso Administrativo de Lugo.

#### DISPOSICIÓNS DERRADEIRAS.

Autorízase ao órgano competente da Deputación de Lugo para ditar, no ámbito das súas competencias, ás resolucións precisas para o desenvolvemento destas bases e o inicio da correspondente convocatoria.

As disposicións aquí contidas entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugo, 7 de maio de 2010.- O Presidente, José Ramón Gómez Besteiro.- O Secretario, Faustino Martínez Fernández.

**ANEXO I**

**CONVOCATORIA BOLSAS PARA DEPORTISTAS DA**

**PROVINCIA**

**ANO 2010.**

**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN**

**DATOS PERSONAIS**

Nome e apelidos		
Data de nacemento		
Enderezo		
Localidade		
Concello		
NIF	Teléfono	Correo-electrónico

**DATOS DEPORTIVOS**

Licencia Federación núm.	Club ao que pertence
Categoría Deportiva (Senior, Promesa, Junior, etc...)	Teléfono Club
Enderezo do Club	C.P.- Correo electrónico Club:
Localidade	Concello

Lugar e Data \_\_\_\_\_

(Sinatura do solicitante).

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_

HISTORIAL DEPORTIVO ANO \_\_\_\_\_

(Competicións oficiais)

ACTIVIDADE	LUGAR CELEBRACIÓN	PROBA	POSTO / MARCA
Olimpiada/Paraolimpiada			
Campionato do mundo			
Universiada			
Campionato de Europa			
Campionato oficiais internacionais (só recoñecidos oficialmente).			
C. autonómico e outros			
Records Olímpicos / Paraolímpicos			
Records do Mundo			
Records de Universiada			
Records de Europa			
Records de España			
Outros			
Ranking Nacional	Ano:  Lugar:		
Ranking Internacional	Ano:  Lugar:		
Outros:			

Vº. e prace do Secretario

da Federación deportiva.

***Ampliación ao historial deportivo*****(Competicións Oficiais).**

---

---

## ***PROXECTO DEPORTIVO.***

---

**AYUNTAMIENTOS****BARALLA***Anuncio*

DECRETO NÚMERO 54.- Baralla, 04 de maio de 2010.

Expirado o prazo de presentación de solicitudes de admisión nas probas selectivas para cubrir como persoal laboral unha praza de traballador/a social.

De conformidade coas bases da convocatoria aprobadas por Decreto desta Alcaldía número 24 de 3 de marzo de 2010, publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 59 do 13 de marzo de 2010, polo presente

**RESOLVO**

Primeiro.- Aprobar a seguinte relación de aspirantes admitidos e excluídos:

Relación de aspirantes admitidos:

APELIDOS E NOME	DNI
ARMESTO DOMINGUEZ, MARIA LUISA	33.302.552-R
BALBOA LOPEZ, TAMARA	33.545.165-X
BARREIRA GOAS, MARIA XOSE	33.994.205-K
BLACH VERA, ADRIANA ROSA	39.460.214-B
ENGROBA PULIDO, MONICA	77.595.889-F
ESTEVEZ CIMADEVILA, PATRICIA	45.845.441-R
FERNANDEZ MOREIRA, ANA	33.346.956-S
LUNA MANSILLA, MARIA	71.506.377-K
MARTINEZ MORATO, JORGE	34.984.338-G
REGO CALOTO, MARIA DOLORES	76.573.840-D
RODRIGUEZ LOPEZ, OSCAR JOSE	33.541.718-J
SIMAL GANDARA, JOSE	33.267.047-P
VAZQUEZ LOPEZ, LAURA	45.662.618-M

Relación de aspirantes excluídos

APELIDOS E NOME	DNI	CAUSA DE EXCLUSIÓN
ALVAREZ OTERO, CRISTINA	33.548.747-G	Falta documentación de méritos
CAEIRO OLIVEIRA, ESTEFANIA	53.481.291-N	Falta modelo oficial de solicitude
CAREMES PAZOS, OLGA VANESA	44.080.293-B	Falta documentación de méritos
FIGUEROA GUEDE, INMACULADA	34.995.899-L	Falta documentación de méritos
MENDEZ CASTRO, MARIA LUZ	36.132.008-C	Falta documentación de méritos
PEREZ PEREIRA, LUZ	36.110.141-A	Falta documentación de méritos
VILAR PEREZ, SONIA	33.543.926-J	Falta documentación de méritos

Relación de aspirantes con documentación insuficiente para valorar os méritos

APELIDOS E NOME	DNI	DOCUMENTACIÓN A APORTAR
CAAMAÑO LADO, SOFIA	76.970.475-D	Falta vida laboral e contratos
GONZALEZ PEREZ, LUCIA	33.350.725-N	Falta vida laboral e contratos
GUTIERREZ HERRERO, LAURA	71.947.538-L	Falta vida laboral e contratos
PARDO VAZQUEZ, MONICA	33.544.937-N	Falta vida laboral e contratos
SOBRINO BERNALDO DE QUIROS, ANTIA	34.989.441-R	Falta vida laboral

Requíreselles aos interesados para que no prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no BOP subsanen os defectos que motivaron a súa exclusión ou complementen a documentación aportada.

Acórdao, mándao e asínao o Sr. Alcalde, D. Manuel J. González Capón e certifico.

Baralla, 4 de maio de 2010.- O ALCALDE, Manuel Jesús González Capón.

## BECERREA

## ANUNCIO DE INFORMACIÓN PÚBLICA

Faise público que por esta Alcaldía dictouse Resolución de data 5 de maio de 2010, que na súa parte dispositiva dí:

“Primero.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Gobierno Local contida no artigo 21.1 o) da LRBRL.

Segundo.- Aprobar o proxecto de obras denominado “pavimentación y servicios en el barrio de Valgamarín” elaborado polo enxeñeiro de camiños don David Castro Valdívía, colexiado número 18.670, cun orzamento de execución por contrata de 61.125,44 €.

Segundo.- Someter o devandito proxecto ó trámite de información pública por un período mínimo de vinte días hábiles mediante a publicación de anuncios no BOP, para os efectos da presentación de alegacións. De non formularse reclamacións en tempo hábil, esta aprobación será elevada a definitiva sen máis trámite, segundo o disposto no artigo 75 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Terceiro.- Déase conta a Xunta de Gobierno Local na próxima sesión que se celebre para a súa ratificación.

Ordénao e asinao o Sr. Alcalde-Presidente. Ante mín, A Secretaria accidental.”

Se fai público para xeral coñecemento e a fin de que calquera interesado poida presentar alegacións e reclamacións.

Becerreá, 5 de maio de 2010.- O Alcalde, ilexible.

R. 02359

## BEGONTE

## Anuncio

Elevado a definitivo o acordo provisional do Pleno desta Corporación, de data 12 de marzo de 2010, de aprobación da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización do Pavillón Polideportivo, en cumprimento do disposto no art. 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público o texto íntegro da devandita modificación:

Artigo 3.

A contía da taxa será a seguinte:

A) Pola utilización do pavillón, por cada hora ou fracción, para a realización de actividades deportivas:

- Usuarios do municipio: 3,00 €.

- Usuarios fóra do municipio: 6,00 €.

B) Pola utilización do Pavillón para pernoctar: 3,00 € por persoa.

Begonte, a 4 de maio de 2010.- O Alcalde-Presidente, José Antonio Vázquez García.

R. 02353

## CASTROVERDE

## ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DE CONTRATOS

Por acordo da Xunta de Gobierno Local de 5 de maio de 2010 adxudicouse o contrato da obra nº 1 do FEESL, o que se publica aos efectos do artigo 135.3 da LCSP.

1.- Entidade adxudicadora: Concello de Castroverde.

2.- Obxecto do contrato: Construcción de Centro de Día, 1ª fase.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: Urxente.

b) Procedemento: Aberto.

4.- Orzamento base de licitación: 304.918,52 euros, IVE incluído.

5.- Adxudicación:

a) Contratista: SERVILUGO 2010, S.L.

b) Importe da adxudicación: 234.697,13 euros, IVE incluído.

Castroverde, 6 de maio de 2010.- O Alcalde, Xosé Mª Arias Fernández.

R. 02390

## CERVANTES

## Edicto

Aprobado inicialmente por el Pleno de la Corporación el presupuesto general para el ejercicio económico de 2010 y la plantilla de personal para dicho ejercicio, en cumplimiento de lo dispuesto en el art. 169.1 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, y disposiciones concordantes, se expone al público en la Secretaría de este Ayuntamiento, por plazo de quince días hábiles -que empezará a contarse desde el siguiente al de la inserción del presente edicto en el Boletín Oficial de la Provincia-, a fin de que durante el mismo puedan formularse las reclamaciones que se consideren pertinentes, las cuales deberán ser dirigidas al Sr. Alcalde - Presidente de esta Corporación.

Cervantes, 6 de mayo de 2010.- EL ALCALDE, Benigno Gómez Tadín.

R. 02430

## FOZ

*Edicto*

Aprobación, exposición pública do padrón do imposto de vehículos de tracción mecánica de 2010 e apertura do período de cobramento.

Por Decreto desta Alcaldía de data 28 de abril de 2010, foi aprobado o seguinte padrón de contribuíntes:

- Padrón do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica para o exercicio 2010, por un importe total de CATROCIENTOS CORENTA E CINCO MIL CENTO SESENTA E SEIS EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS (445.166,19 €).

Exponse ao público por prazo de vinte días hábiles, segundo o establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalo e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase así mesmo o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 1 de xuño e o 2 de agosto de 2010.

Ao día seguinte do vencemento do prazo do ingreso en período voluntario iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de mora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria e, no seu caso das costas do procedemento de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral da Recadación.

Contra as liquidacións de carácter tributario que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a finalización do período de exposición pública de conformidade co establecido no artigo 14,2 apartado c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei Reguladora desta Xurisdición.

A presente publicación, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Foz, 28 de abril de 2010.- O Alcalde, José María García Rivera.

R. 02308

## FRIOL

*Edicto*

Solicitando desta Alcaldía dona María Josefa Cela Pedrouzo, licencia municipal para "ampliación de nave

de pavos", situada en Lamelas - Ousá, cumprindo o disposto no art. 8.1. do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, no que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días hábiles, coa fin de que durante o mesmo -que comenará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia e no D.O.G.A.- poidan examinalo expediente, na Secretaría deste Concello as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Friol, a 28 de abril de 2010.- O Alcalde, José Antonio Abuín Villar. (Decreto Alcaldía 29.06.2007).

R. 02318

*Edicto*

## CORRECCIÓN DE ERROS

No Boletín Oficial da Proivncia número 96, de 29 de abril de 2010, publicouse edicto referido a adjudicación provisional do "servizo de mantemento dos alumeados públicos municipais".

Onde dí: José Antonio Covas Villar. Decreto Alcaldía 29.06.2007, deberá dicir: José Antonio Abuín Villar. Decreto Alcaldía 29.06.2007.

Friol, a 30 de abril de 2010.- O Alcalde, José Antonio Abuín Villar. Resol. Alcaldía 29.06.2007.

R. 02337

## LOURENZA

*Anuncio*

Por acuerdo de la Junta de Gobierno Local de 30/04/2010, se aprobó la adjudicación provisional del contrato de obras "PROYECTO DE LIMPIEZA Y ADECUACIÓN DE CAMINOS DE ACCESO A MASAS FORESTALES EN LAS PARROQUIAS DEL AYUNTAMIENTO DE LOURENZA PARA LA PREVENCIÓN DE INCENDIOS Y CONSERVACIÓN DE LAS MISMAS", lo que se publica a los efectos del artículo 135.3 de la Ley 30/2007 de 30 de octubre de Contratos del Sector Público.

1.- Entidad adjudicadora: Concello de Lourenzá.

2.- Objeto del contrato:

Tipo de contrato: Contrato de obras.

3.- Tramitación, procedimientto:

a) Tramitación: Urgente.

b) Procedimientto: Negociado sin publicidad.

4.- Precio del contrato: 93.700,80 €.

a) 80.776,55 euros.

b) IVA: 19.924,25 €.

5.- Plazo de ejecución: Dos meses y medio (2,5).

## 6.- Adjudicación provisional:

- a) Fecha: 30 de abril de 2010.  
 b) Contratista: CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO, S.L.  
 c) CIF.: B-27250182.  
 d) Importe adjudicación: 93.700,80 euros, siendo 19.924,25 euros de IVA.

Lourenzá, 30 de abril de 2010.- El Alcalde, Vidal Martínez-Sierra López.

R. 02317

—  
 LUGO  
 Anuncio

Este Concello comunícalle a exposición pública da matrícula do IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS, correspondente ó exercicio 2010, elaborada pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, conforme dispón ó artigo 91 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e ó artigo 3 do RD 243/1995, do 17 de febreiro, polo que se dictan normas para a xestión do Imposto sobre Actividades Económicas.

A matrícula, constituída polos censos comprensivos de tódolos suxeitos pasivos que exerzan actividades económicas suxeitas ó IAE, (exentos e non exentos) estará a disposición das persoas interesadas, durante o prazo de 15 días que comezará a contar dende o día inmediato seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no Servicio de Facenda Local, situado na Rda. Muralla, 197-2º andar, en horario de oficina (9:30 a 13:30 horas). Así mesmo, a dita matrícula inclúe as cotas provinciais e nacionais cando o enderezo fiscal do suxeito pasivo corresponda a este Concello.

Advírtese que a inclusión dun suxeito pasivo na matrícula, así como a exclusión ou alteración de calquera dos datos ós que esta se refire, constitúen actos administrativos contra os que cabe interpoñer, no prazo de 15 días que comezará a contar dende o día seguinte ó do término do período de exposición pública da matrícula, recurso de reposición ante o Delegado da Axencia Estatal de Administración Tributaria de Lugo competente por razón do territorio, ou reclamación ante o Tribunal Económico-Administrativo Rexional no mesmo prazo, sen que poidan simultanearse ámbolos dous recursos (art. 91 do RD Lexislativo 2/2004, do 05/03, e 4 do Real Decreto 243/1995, do 17 de febreiro).

Lugo, 23 de abril de 2010.- O ALCALDE, P.D. A TENDENTE DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO (Decretos 64 e 75/2007), Sonia Méndez García.

R. 02305

## ANUNCIO DE INFORMACIÓN PÚBLICA

“SUMINISTROS LA RONDA, S.L.” solicitou desta Alcaldía licenza municipal para a instalación dun almacén de materiais de construción con exposición e venda de equipamento para baños e cociñas na rúa da Industria, parcela 89.

Cumprindo o disposto no apartado 3 do artigo 8 do Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación da incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días, a fin de que durante o mesmo -que empezará a contarse dende o día seguinte ó da publicación do presente edicto-, poida examinarse o expediente no Servizo de Licenzas, polas persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Lugo, 12 de abril de 2010.- A DELEGADA DA ÁREA DE URBANISMO, María Novo Pena.

R. 02315

—  
 Téndose enviadas reiteradas notificacións a dona Guadalupe Quesada Souto ó enderezo aportado a tales efectos, non podéndose levar a cabo.

De seguido, procédese a transcribi-lo contido da notificación ós efectos sinalados no art. 59-5 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, do 26 de novembro de 1992:

## “Cédula de notificación

“HIERROS FERREIRO, S.L.”, solicitou desta Alcaldía licenza municipal para a apertura dun almacén para materiais da construción e comercio de ferraxería, que se vai situar na Avda. Benigno Rivera s/núm.

En cumprimento do disposto no apartado 3 do artigo 8 do Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación da incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días hábiles, para que as persoas que se consideren afectadas dalgún xeito pola actividade que se pretende establecer, poidan formula-las reclamacións ou observacións que consideren oportunas.

O expediente pode consultarse, durante as horas de oficina, no Servizo de Licenzas deste Concello, onde se atopa de manifesto.

O que se lle comunica a Vde. como veciño inmediato ó lugar onde se pretende situa-la mencionada actividade”.

Lugo, 29 de abril de 2010.- A DELEGADA DA ÁREA DE URBANISMO, María Novo Pena.

R. 02354

Téndose enviadas reiteradas notificacións á Comunidade de Propietarios do edificio co núm. 5 da rúa Círculo das Artes ó enderezo aportado a tales efectos, non pódense levar a cabo.

De seguido, procédese a transcribi-lo contido da notificación ós efectos sinalados no art. 59-5 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, do 26 de novembro de 1992:

*“Cédula de notificación*

Dona Luisa Rodríguez López, solicitou desta Alcaldía licenza municipal para a apertura dun bar, que se vai situar na rúa Círculo das Artes núm. 5, baixo, local B.

En cumprimento do disposto no núm. 3 do apartado b), do art. 36 do Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos e Actividades Recreativas, do 27 de agosto de 1982, sométese a información pública por período de dez días hábiles, para que as persoas que se consideren afectadas dalgún xeito pola actividade que se pretende establecer, poidan formula-las reclamacións ou observacións que consideren oportunas.

O expediente pode consultarse, durante as horas de oficina, no Servizo de Licenzas deste Concello, onde se atopa de manifesto.

O que lle comunica a Vde. como veciño inmediato ó lugar onde se pretende situa-la mencionada actividade”.

Lugo, 29 de abril de 2010.- A DELEGADA DA ÁREA DE URBANISMO, María Novo Pena.

R. 02355

Publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 95 con data 28 de abril de 2010 o anuncio para o cambio de titularidade da parcela 08-140 do cemiterio municipal de San Froilán, produciuse un erro material na redacción do mesmo, subsanándose coa seguinte publicación:

Téndose instruído expediente, segundo o procedemento especial previsto no artigo 59 do vixente Regulamento de cemiterio, para o cambio de titularidade da unidade de enterramento nº 08-140 do cemiterio municipal de San Froilán, da que foron titulares as falecidas D<sup>a</sup>. CARMEN LOPEZ REIJA e D<sup>a</sup>. PILAR LOPEZ CARBALLAL.

E, de conformidade con informe-proposta da sección de Estatística e Cemiterio, comunícase á comunidade hereditaria de D<sup>a</sup>. Pilar López Carballal que, segundo declaran todos os membros da comunidade hereditaria da cotitular, dona Carmen López Reija, resultan ilocalizables, que a tenenta de Alcalde Delegada da Area de Servizos Xerais, vai proceder a outorgar o cambio de titularidade da devandita unidade de enterramento nº 08-140 do cemiterio municipal de San Froilán a favor da solicitante D<sup>a</sup>. Teresa Fernández López.

O que se lles traslada, como trámite previo á adopción da resolución que corresponda para que, de acordo co establecido no artº 84 da Lei 30/92, do 26 de novembro, no prazo de 10 días, formulen cantas alegacións estimen pertinentes.

Lugo, o 3 de maio de 2010.- A TENENTA-ALCALDE DELEGADA DA AREA DE SERVIZOS XERAIS, Luisa María Zarzuela González.

R. 02356

MONDOÑEDO

*ANUNCIO DE EXPOSICION O PUBLICO E DE  
RECADACION DE IMPOSTOS*

A Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión celebrada o día 30 de abril aprobou os seguintes padrons:

**PADRONS DA TAXA POR ENTRADA DE VEHICULOS A TRAVES DE BEIRARRUAS E RECOLLIDA DO LIXO CORRESPONDENTE OS BIMESTRES 5º E 6º DO 2009 E 1º E 2º DO 2010.**

De conformidade co establecido na Lei Xeral Tributaria e nas ordenanzas municipais reguladoras, EXPOÑENSE AO PUBLICO os devanditos padrons para que as persoas interesadas, no PRAZO DE QUINCE DIAS contados a partires do anuncio no B.O.P., poidan examinalos e formularen as reclamacións que estimen oportunas.

Asemade, faise saber que os impostos obxecto deste anuncio estarán ó cobro en PERIODO VOLUNTARIO na oficina de Recadación Municipal, sita na Casa Consistorial, de luns a venres, dende o día 15 de maio ó 15 de xullo, en días hábiles.

Rematado o prazo en período voluntario os recibos non pagados serán cargados aos Servizos de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo para a súa exacción pola vía de constrinximento co recargo do 20% e demais conceptos esixibles (intereses, costas, etc.) de conformidade co disposto no artg. 97 e seguintes do R.X. de Recadación.

Mondoñedo, 4 de maio do 2010.- O Alcalde, ilexible.

R. 02357

MURAS

*Anuncio*

Por el Pleno del Ayuntamiento de Muras, en sesión de fecha veintinueve de abril de dos mil diez, se adoptó acuerdo de inicio de expediente de desafectación de campo de fútbol Chao de Currás, con referencia catastral 27033A066000300000FS y nº de inventario 5 del epígrafe 1.2 Bienes Inmuebles de Naturaleza Rústica, servicio público.

En cumprimento de lo establecido en el artículo 8 del Reglamento de Bienes, se expone al público por el plazo de un mes, a los efectos de consulta y presentación de alegaciones.

En Muras, a 3 de mayo de 2010.- El Alcalde, Issam Alnagm Azzam.

R. 02339

NAVIA DE SUARNA

*Edicto*

EXPOSICIÓN PÚBLICA DA CONTA XERAL DO ANO 2008.

Formulada e rendida a CONTA XERAL do presuposto desta Entidade Local correspondente ó exercicio económico de 2008, de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 7/85, de 2 de abril e do artigo 212 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, exponse ó público cos seus xustificantes e informe da Comisión Especial de Contas, durante QUINCE DÍAS, a contar desde o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Neste prazo e oito días máis admitiranse os reparos e observacións que podan formularse.

Navia de Suarna, a 5 de mayo de 2010.- O Alcalde, José Fernández Fernández.

R. 02384

NEGUEIRA DE MUÑIZ

REGULAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

CAPITULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS.

É obxecto do presente Regulamento a regulación xeral do Servizo de Axuda no Fogar desenvolvido polo Concello de Negueira de Muñiz, entidade prestadora de servizos sociais legalmente recoñecida.

O Servizo de Axuda no Fogar está integrado nos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal e será coordinado por un/unha profesional do equipo técnico dos servizos sociais da entidade local titular do servizo.

PRINCIPIOS XERAIS.

O Servizo de Axuda no Fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestruturación familiar.

BENEFICIARIOS.

O Servizo de Axuda no Fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia empadronadas no Concello, para as que, de acordo coa valoración técnica, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá a persoas maiores con déficits

de autonomía e a persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como a fogares con menores nos que se observe necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

En todo caso, darase prioridade no acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

CAPITULO II. OBXECTIVOS E TIPOS DE ATENCIÓN QUE SE PRESTAN.

Son obxectivos do Servizo de Axuda no Fogar:

- a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- c) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- d) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- e) Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- f) Retardar ou evitar a institucionalización.
- g) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

De conformidade coa valoración técnica realizada polos servizos sociais, prestaranse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

- a) Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:
  - Asistencia para levantarse e deitarse.
  - Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
  - Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
  - Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
  - Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.
  - Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.
- b) Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:
  - Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.
  - Apoio na realización de xestións necesarias ou urgentes.
- c) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:

- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
- Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
- Preparación dos alimentos.
- Lavado e coidado das prendas de vestir.
- Coidados básicos da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandería ou alimentación a domicilio.

d) Atencións de carácter psicosocial e educativo: Intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, a afectividade, a convivencia e a integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

### CAPITULO III. PROCEDEMENTO DE ACCESO AO SERVIZO.

Establécense dúas maneiras de acceder ao servizo:

- Acceso directo ao servizo para as persoas usuarias con dependencia valorada para as que a resolución relativa ao programa individualizado de atención terá a consideración de resolución de asignación e incorporación ao servizo.

- Acceso en libre concorrencia do resto das persoas usuarias. Neste caso o procedemento iniciarase a instancia de parte, de conformidade cos principios xerais recollidos na Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións e do Procedemento Administrativo Común. Poderá iniciarse de oficio cando circunstancias debidamente acreditadas no expediente, así o xustifiquen. A cada caso aplicaráselle o baremo previsto no anexo I da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar. (Doga 22 do 2 de febreiro de 2009).

### TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES NO ACCESO LIBRE.

a) As solicitudes dos particulares para acceder ao servizo deberán ser valoradas en todo caso por un traballador ou traballadora social dos servizos sociais comunitarios do Concello, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante informe preceptivo e vinculante, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto.

b) O órgano competente para ditar a resolución será o/a alcalde/sa, podendo delegar esta competencia de conformidade co disposto no artigo 21.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

c) Unha vez notificada a resolución de concesión do servizo, deberán acordarse entre os servizos sociais de atención primaria do Concello e a persoa usuaria as condicións básicas da prestación, que se substanciarán no acordo de servizo asinado entre a entidade titular do

servizo e a persoa usuaria, segundo o modelo do anexo III da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar. (Doga 22 do 2 de febreiro de 2009).

d) No caso de extrema e urxente necesidade debidamente xustificada, mediante resolución motivada do Alcalde ou do membro da Corporación Local responsable en materia de servizos sociais, poderase iniciar de oficio a prestación do servizo de maneira inmediata, a proposta dos servizos sociais comunitarios, e sen prexuízo da posterior instrución do correspondente expediente.

e) Na prestación do servizo, ademais do persoal profesional, poderá colaborar persoal voluntario baixo a supervisión técnica dos servizos sociais da entidade local titular do servizo. Para estes efectos estarase ao previsto na lexislación en vigor sobre voluntariado.

f) No caso de tratarse de intervencións de carácter socio-educativo derivadas dun diagnóstico de desestruturación familiar, deberán incorporarse ao proceso, de acordo coas circunstancias do fogar de que se trate, algunha das seguintes figuras profesionais: Técnico superior en integración social, diplomado en educación social ou diplomado en traballo social.

### INTENSIDADE DO SERVICIO.

1. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico dos Servizos Sociais Comunitarios.

2. A intensidade do Servizo de Axuda no Fogar para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia estará predeterminada no seu programa individualizado de atención.

### CAPITULO IV. PRESTACIÓN DO SERVIZO.

O servizo público de axuda no fogar prestado por esta Entidade Local estará coordinado por persoal técnico cunha cualificación de diplomatura universitaria en traballo social.

A persoa responsable técnica do servizo no Concello comunicará a auxiliar de axuda no fogar, o horario de atención e as tarefas a desenvolver no domicilio de cada persoa usuaria así coma a información necesaria para desenvolver o seu traballo.

O horario de atención ao público na oficina será de 9 a 14 horas de luns a venres e os límites horarios para a prestación do servizo serán de 8,30 a 21,00 horas de luns a venres, a excepción das persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia onde a súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención, de maneira que, cando menos, se garanta todos os días da semana, a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria.

A entidade local titular do Servizo de Axuda no Fogar, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que se presta o servizo, no que constará, cando menos:

a) Un informe social, asinado por un traballador ou traballadora social da entidade titular do servizo.

b) Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable que designe a entidade titular do servizo, que recollerá como mínimo a información contida no anexo II da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar. (Doga 22 do 2 de febreiro de 2009).

c) Un acordo de servizo asinado entre a entidade titular do servizo e a persoa usuaria, que recollerá como mínimo a información contida no modelo do anexo III da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar. (Doga 22 do 2 de febreiro de 2009).

En todo caso o tratamento da información contida nos expedientes realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

#### SEGUIMIENTO.

A persoa responsable técnica do servizo garantirá unha supervisión do servizo efectivamente prestado, que será realizada sempre que as circunstancias a fagan necesaria e, como mínimo, cunha periodicidade de dous meses. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

#### EXTINCIÓN E MODIFICACIÓN DO SERVIZO.

Son causas de extinción do Servizo de Axuda no Fogar, as seguintes:

- a) A renuncia da persoa usuaria.
- b) O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co Servizo de Axuda no Fogar.
- c) Traslado definitivo da súa residencia a outro Concello.
- d) Falecemento da persoa usuaria.
- e) Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.
- f) A falta reiterada de pagamento do servizo.
- g) Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.

Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar asignado a persoas en situación de dependencia na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte o establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, a incoación por parte da entidade titular de servizo dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

Son causa de suspensión temporal do servizo, previa tramitación do correspondente expediente, o informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

1. Ausencia temporal do domicilio: Neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.

2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: Poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

#### SUSTITUCIÓN DA AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR.

Son causas de substitución da auxiliar: A imposibilidade real da auxiliar de seguir prestando o Servizo, a falta de entendemento entre a auxiliar e a persoa usuaria do Servizo e cando sexa necesaria esta substitución para axustar os horarios para un correcto desenvolvemento do Servizo.

Ante a necesidade de substituír a auxiliar, a persoa responsable técnica do servizo, informará a persoa usuaria do cambio da auxiliar, do día de comezo da nova auxiliar e do resto da información que lle sexa requerida pola persoa usuaria do servizo. Tamén informará a nova auxiliar das tarefas a desenvolver no domicilio, o horario de atención e toda aquela información necesaria para o correcto desenvolvemento do servizo.

#### QUEIXAS NO LIBRO DE RECLAMACIÓNS.

Ante as queixas no libro de reclamacións procederase do seguinte xeito:

- Remisión ó órgano correspondente da Xunta da queixa presentada.
- Revisión do caso polo persoal técnico con valoración da queixa.
- Resolución polo órgano responsable do servizo dando resposta as queixas presentadas.

## CAPITULO V. COPAGAMENTO DO SERVIZO POLAS PERSOAS USUARIAS.

Segundo o artigo 18 da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar, está exenta da obriga de participar no custo do servizo aquela persoa usuaria na que a capacidade económica sexa igual ou inferior ao Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples (IPREM).

A determinación da capacidade económica realizárase segundo o artigo 17 da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar e será revisada para cada persoa usuaria do servizo anualmente, nos dous primeiros meses do ano.

No resto dos casos a aportación ó custo do servizo das persoas usuarias determinarase mediante a seguinte tabla:

Capacidade económica da persoa usuaria	Aportación ao custo do servizo
>100% IPREM e <300% IPREM	15%
>300% IPREM e <500% IPREM	50%
>500% IPREM	65%

O prezo hora do servizo será revisable anualmente e para o ano 2009 establécese en 10 €/hora.

A cota mensual que haberá que pagar será a cantidade resultante de multiplicar o número de horas de prestación do servizo polo resultado de aplicar a porcentaxe ó prezo/hora.

O pago do servizo efectuarase mensualmente mediante domiciliación bancaria aportada pola persoa usuaria do servizo ou nas oficinas do Concello.

## CAPITULO VI. DEREITOS E DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade.
2. A recibiren unha atención adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración prescritas en cada caso.
3. A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.
4. A coñeceren a situación do seu expediente.
5. Ao tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.
6. A recibiren información precisa e clara sobre as posibles modificacións sobrevidas durante a prestación efectiva do servizo.

7. A presentaren queixas e suxestións ao persoal coordinador do servizo cando expresaren reclamacións ou fixeren suxestións sobre a súa prestación efectiva.

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se contemplan no artigo 37 da Lei 4/1993, de Servizos Sociais, terán os seguintes deberes:

1. Cumprir coas condicións do servizo, facilitando a execución das tarefas ao persoal ao cargo e poñendo á súa disposición, se fose o caso, os medios materiais necesarios.
2. Colaborar, na medida das súas posibilidades, no desenvolvemento do servizo en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
3. A facilitar e colaborar no seguimento e avaliación do servizo.
4. Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.
5. Informar dos cambios de calquera circunstancia que impliquen un cambio na súa capacidade económica, así como de circunstancias relevantes de carácter persoal ou familiar que puidese dar lugar á modificación, suspensión ou extinción na prestación do servizo.
6. Participar no pagamento do servizo nos termos que se estableza na súa norma reguladora.
7. A comunicar, en circunstancias ordinarias e previsibles, con dez días de antelación, calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir a prestación do servizo.

## CAPITULO VII. DISPOSICIONS FINAIS.

PRIMEIRA. Facúltanse ós Servizos Sociais Municipais para resolver aquelas cuestións que, relacionadas co Servizo de Axuda no Fogar non estén recollidas neste Regulamento.

SEGUNDA. O presente Regulamento surtirá efectos a partir da data da súa publicación íntegra no BOP.

Negueira de Muñiz, a 27 de abril de 2010.- O Alcalde, ilexible.

R. 02285

## OUTEIRO DE REI

### EXPEDIENTE DE ALTERACIÓN DE CALIFICACIÓN JURÍDICA

José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, fago saber que, con data de 29 de abril de 2010, iniciouse expediente de desafectación do tramo de camiño público que discorre entre as parcelas 806 e 763 do polígono 31 do Concello de Outeiro de Rei.

De conformidade co disposto no artigo 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, ábrese un prazo de información pública de un mes, a contar dende o día seguinte o da presente publicación, durante o cal o expediente poderá ser consultado na Secretaría municipal e calquer persoa poderá alegar ou suxerir o que estime oportuno, tanto sobor a conveniencia e oportunidade da alteración, como na defensa dos dereitos e intereses dos que poidan ser lexítimos titulares.

En Outeiro de Rei, a 29 de abril de 2010.- O Alcalde, ilexible.

R. 02314

*Anuncio*

Aprobado inicialmente por Decreto da Alcaldía, de data 12 de xaneiro de 2010, o proxecto das obras pendentes de urbanización do Plan de Sectorización "RA-49", promovido polo Concello sométese o expediente a información pública no prazo de vinte días, contados a partir da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia, durante o cal se poderá examinar na Secretaría municipal, en horario de oficina, e formular as alegacións e observacións que se consideren procedentes en escrito dirixido á Alcaldía.

Outeiro de Rei, 12 de xaneiro de 2010.- El Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 02416

**A PASTORIZA***Edicto*

Habiendo quedado definitivamente aprobado por el Pleno de este Ayuntamiento el presupuesto para el ejercicio económico 2010, por acuerdo adoptado en sesión celebrada el día 27 de marzo de 2010, en cumplimiento de lo que dispone el artículo 169.3 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, se hace público que dicho presupuesto asciende, tanto en gastos como en ingresos, a la cuantía de un millón quinientos noventa mil euros (1.590.000,00 €), correspondiendo a cada capítulo las cantidades que a continuación se expresan, según siguiente detalle:

## Estado de gastos

Cap. 1.-	Gastos de personal	608.000,00 €
Cap. 2.-	Gastos en bienes corrientes y servicios	510.000,00 €
Cap. 3.-	Gastos financieros	30.000,00 €
Cap. 4.-	Transferencias corrientes	102.000,00 €
Cap. 6.-	Inversiones reales	166.000,00 €
Cap. 7.-	Trasferencias de capital	89.000,00 €
Cap. 8.-	Activos financieros	---
Cap. 9.-	Pasivos financieros	85.000,00 €
	<b>TOTAL DE GASTOS</b>	<b>1.590.000,00 €</b>

## Estado de ingresos

Cap. 1.-	Impuestos directos	444.000,00 €
Cap. 2.-	Impuestos indirectos	30.900,00 €
Cap. 3.-	Tasas y otros ingresos	145.300,00 €
Cap. 4.-	Transferencias corrientes	897.000,00 €
Cap. 5.-	Ingresos patrimoniales	19.500,00 €
Cap. 6.-	Enajenación de inversiones reales	300,00 €
Cap. 7.-	Transferencias de capital	52.600,00 €
Cap. 8.-	Activos financieros	200,00 €
Cap. 9.-	Pasivos financieros	200,00 €
	<b>TOTAL DE INGRESOS</b>	<b>1.590.000,00 €</b>

En la referida sesión, también se acordó aprobar la relación de puestos de trabajo y la plantilla de personal de esta Corporación que, de acuerdo con lo que preceptúa el artículo 127 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, se reproduce a continuación:

#### PLANTILLA DE PERSONAL.

##### A) Funcionarios de carrera.

Denominación de la plaza	Nº de plazas	Grupo	Escala	Subescala	Puesto de trabajo	Nivel C.D.
Habilitación de carácter nacional	1	A1	Funcionario habilitación	Secretaría-Intervención	Secretario-Interventor	28
Técnico de Gestión (de nueva creación)	1	A2	Admón. General.	De gestión	Técnico de Gestión	26
Administrativo de administración General.	2	C1	Admón. General	Administrativa	Jefe de Negociado	22
Personal de oficios	1	AP	Admón. Especial	Servicios especiales	Operario	14

##### B) Personal laboral fijo:

Denominación del puesto de trabajo:	Nº	Titulación exigida	Características
Ingeniero Técnico Agrícola	1	Ingeniero Técnico Agrícola	A tiempo parcial
Operario de servicios múltiples	2	Certificado de escolaridad	A tiempo completo
Limpiador/a	1	Certificado de escolaridad	A tiempo parcial
Encargado de Biblioteca y de actividades culturales y juveniles.	1	Bachiller superior o equivalente	A tiempo completo

##### B) Personal laboral temporal:

Denominación del puesto de trabajo:	Nº		Características
Técnico Medio Area Jurídica	1		A tiempo completo
Axente de emprego e desenvolvemento local	1		A tiempo completo
Servicios sociales:			
a) Educadora Familiar	1		A tiempo completo
b) Auxiliares de Ayuda a Domicilio (Ley de Dependencia)	3		1 tiempo completo; 2 tiempo parcial
c) Auxiliares de Ayuda a Domicilio (libre concurrencia)	3		A tiempo completo
d) Personal atención directa P.A.I.	2		A tiempo completo
Obras y servicios:			
a) Conserje colegio	1		A tiempo completo
b) Monitores deportivos	2		Uno a tiempo completo y otro a tiempo parcial.
c) Capataz	1		A tiempo completo
d) Jardinero	1		A tiempo completo
e) Peones	1		A tiempo completo

La plantilla de personal laboral temporal podrá ampliarse con las subvenciones que este Ayuntamiento pueda recibir de la Comunidad Autónoma, o de otros organismos para financiar la contratación de personal de obras o de servicios determinados, o bien, por necesidades perentorias, para obras o servicios determinados.

De conformidad con lo dispuesto en el artículo 171.1 del citado Texto Refundido, contra la aprobación definitiva del presupuesto podrá interponerse directamente el recurso contencioso-administrativo ante el Juzgado de lo Contencioso Administrativo de Lugo, en el plazo de dos meses, contados a partir del día siguiente al de la publicación del presente edicto en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.

Pastoriza, a 30 de abril de 2010.- El Alcalde, Primitivo Iglesias Sierra.

*Anuncio da adxudicación provisional obra nº 1 do FEIL*

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 9 de abril do 2010 acordou a adxudicación provisional do contrato das obras do "proxecto básico e de execución de aulas de formación e zona administrativa en nave municipal" incluída dentro do Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local, o que se fai público ao abeiro do artigo 135 da Lei 30/2007, de 30 de outubro de Contratos do Sector Público:

1. Entidade adxudicadora: Concello de Pastoriza.

2. Obxecto do contrato: Execución das obras necesarias para a creación dunha zona administrativa/docente no interior da nave a municipal de almacenamento de maquinaria e aulas de formación.

3. Tramitación e procedemento: Negociado sen publicidade, urgente.

4. Prezo do contrato: 231.987,98 euros incluído IVE (31.998,34 euros de IVE).

5. Adxudicación provisional:

a) Data: 09/04/2010.

b) Contratista: "Construccións Hnos. Canto, S.L."

c) Importe de adxudicación: 227.348,21 euros, incluído IVE (31.358,37 euros de IVE).

A Pastoriza, a 27 de abril de 2010.- O Alcalde, Primitivo Iglesias Sierra.

R. 02352

—————  
RIOTORTO

*Anuncio*

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de abril de 2010, adxudicouse definitivamente o contrato de servizos de "limpeza do Centro de Saúde, Casa Consistorial, edificio antiga Cámara Agraria, CEIP, Centro Sociocultural, vivendas comunitarias e tanatorio", o que se publica aos efectos do artigo 138 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

1.- Entidade adxudicadora:

a) Organismo: Concello de Riotorto.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría Xeral.

2.- Obxecto do contrato:

a) Descrición do obxecto: "Limpeza do Centro de Saúde, Casa Consistorial, edificio antiga Cámara Agraria, CEIP, Centro Sociocultural, vivendas comunitarias e tanatorio".

3.- Tramitación e procedemento.

Procedemento: Negociado sin publicidade.

4.- Prezo do contrato:

Prezo: 27.999,99 euros.

5.- Adxudicación definitiva:

a) Data: 21 de abril de 2010.

b) Contratista: Limpiezas Lema, S.L.U.

c) Nacionalidade: Española.

d) Importe da adxudicación: 25.710,24 euros.

En Riotorto, a 27 de abril 2010.- O Alcalde, Federico Xosé Gutiérrez Estoa.

R. 02334

—————  
SAMOS

*Edicto*

EXPEDIENTE DE REVOGACION, EN BENEFICIO DOS INTERESADOS, DE ACTOS DE APLICACIÓN TRIBUTARIA, POLO CONCEPTO DE COTA POR ACOMETIDA A REDE DE ABASTECIMENTOS DE AUGA.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Samos na sesión de 29 de abril de 2010 decidiu, en relación co expediente identificado na cabeceira, entre outros particulares:

a) Elevar PROPOSTA DE ACORDO Ó CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA, por conducto do Sr. conselleiro con competencias sobre réxime local, interesando a emisión de dictame facultativo ou consulta, en relación con esta proposta de revogación, en beneficio dos interesados, dos actos de aplicación tributaria reflectidos nas comunicacións da Alcaldía de 20 de abril de 2004 e 2 de outubro de 2006, ó ser contrarios ós principios de capacidade económica, supor unha dobre imposición e dado que na práctica o anterior Goberno do Concello de Samos, derivou desas comunicacións os mesmos efectos que se houbera unha verdadeira liquidación tributaria, debidamente notificada en con fixación de prazos en voluntaria; e, asemade, no que respecta as providencias de apremio, datadas o 5/02/2007 e emitidas fronte os contribuintes relacionados no expediente, polo concepto de "derecho de acometida a la red general de agua" e dirixidas ós contribuintes especificados no atado.

b) Suspende, dende que se solicite o ditame ata a súa emisión o prazo para resolver tal expediente de revogación, consonte co previsto no artigo 104 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e artigo 103 do RD 1.065/2007, de 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Xestión Tributaria ó sinalar como un período de interrupción xustificada cando se pidan datos, informes ou ditames o outros órganos ou unidades administrativas da mesma ou doutras administracións, tal cal ocorre neste suposto que se interesa do Concello Consultivo de Galicia. Unha vez recibido no Concello o citado ditame, alzarase a suspensión a dita suspensión do prazo.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Samos, 30 de abril de 2010.- O Alcalde, Julio Gallego Moure.

R. 02336

**O VALADOURO****ANUNCIO EN EL BOLETÍN OFICIAL DE LA  
PROVINCIA Y EN EL PERFIL DE CONTRATANTE**

Por Resolución de Alcaldía número 141/10 de fecha 30 de abril de 2010, se elevó a definitiva la adjudicación provisional del contrato de obras consistente en acondicionamiento de edificio para reforma y ampliación de Escuela Infantil ubicada en Avenida Diputación de Ferreira de O Valadouro, lo que se publica a los efectos del artículo 138 de la Ley 30/2007, de 30 de octubre, de Contratos del Sector Público.

1. Entidad adjudicadora: Concello de O Valadouro.
  - a) Organismo: Alcaldía-Presidencia.
  - b) Dependencia que tramita el expediente: Secretaría-intervención.
  - c) Dirección de Internet del perfil de contratante: [www.valadouro.org](http://www.valadouro.org)
2. Objeto del contrato.
  - a) Tipo obras.
  - b) Descripción del objeto: Acondicionamiento de edificio para reforma y ampliación de Escuela Infantil ubicada en Avenida Diputación de Ferreira de O Valadouro.
  - c) CPV: 452141.
3. Tramitación y procedimiento.
  - a) Tramitación: Urgente.
  - b) Procedimiento: Negociado sin publicidad.
4. Presupuesto base de licitación. Importe neto 126.189,56 euros. IVA 16% 20.190,33 euros. Importe total 146.379,89 euros.
5. Adjudicación.
  - a) Fecha: 30 de abril de 2010.
  - b) Contratista: Construcciones y Promociones Alejandro López Rodríguez.
  - c) Importe de adjudicación. Importe neto 120.431,04 euros. IVA 16% 19.268,96 euros. Importe total 139.700,00 euros.

En Valadouro, a 30 de abril de 2010.- El Alcalde, Eulogio Fernández Sampayo.

R. 02300

---

**VILALBA**
*Anuncio*

Dada a imposibilidade de notificar a Frutimar Alimen, S.L., Julia González Rey, Santiago Antonio Varela Rodríguez, Luis Miguel Alvarez Roca, Emma Gema Orosa Miquel, Teresa Gabriela García Muñoz, Diego Gómez Corral e M<sup>a</sup> Angeles Barrio Rey, con números de expediente de denuncia por infracción en vía urbana corres-

pondentes ó exercicio 2009 e domicilios coñecidos e respectivos en:

- 134/09.- AS PONTES (A CORUÑA), CABAÑAS, 11-BAJO.
- 148T.4/09.- FERROL (A CORUÑA), DOCTOR FLEMING, 178-2º.
- 181/09.- NARON (A CORUÑA), LLEIDA, 1-3ºC.
- 182/09.- VILALBA (LUGO), PLACIDO PEÑA, 77-1º.
- 24/10.- ALICANTE, PARQUE NERVION, 124BW. URB. LA MARINA. S. FULGENCIO.
- 25/10.- VILALBA (LUGO), LANZOS-RIBADO.
- 36/10.- COSPEITO (LUGO), REGUEIRA, 3.
- 61/10.- VILALBA (LUGO), OBISPO ROUCO VARELA, 6.

Tramitados na súa contra neste Concello, pero devoltas as notificacións polo servizo de correos por "AUSENTE EN REPARTO", faise público para os efectos de notificación.

Vilalba, 29 de abril do 2010.- O Alcalde, Gerardo Criado Guizán.

R. 02316

**RIBEIRA SACRA****Consorcio de Turismo***Edicto*

Logo de confeccionada e proposta a CONTA XERAL correspondente ó exercicio do ano 2008, informada pola Comisión Especial de Contas, exponse ó público polo prazo de 15 días e 8 máis durante os que os interesados poderán presenta-las alegacións, reparos ou observacións, de acordo co artigo 212 do RDL 2/2004.

En O Saviñao, 3 de maio do 2010.- O Presidente, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 02375

**Administración de Justicia****Juzgado de Primera Instancia**

LUGO NÚM. 2

76.000.

N.I.G.: 27028 1 0003.728/2005.

Procedimiento: DIVORCIO CONTENCIOSO  
0000519/2005.

Sobre: DIVORCIO CONTENCIOSO.

De Dña. MARIA SOL FERNANDEZ FERNANDEZ.

Procuradora Sra. MARIA JOSE PELAEZ GARCIA.

Contra D. ROBERTO ALBERTO BETANCOURT.

Procurador/a Sr/a.

*Edicto*

Don Francisco Julián Hinojal Gijón, Secretario Judicial, del Juzgado de 1ª Instancia núm. NUMERO DOS Y MERCANTIL de Lugo.

CERTIFICO: Que en los autos que se reseñan:

PROCEDIMIENTO: DIVORCIO CONTENCIOSO 519/05.

MARIA SOL FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ.

Procurador DOÑA MARIA JOSE PELAEZ GARCIA.

CONTRA: ROBERTO ALBERTO BETANCOURT (EN REBELDIA).

Se ha dictado en el día de su fecha 24 de marzo de 2010 sentencia, cuyo fallo dice. "FALLO: Estimar la demanda interpuesta por la procuradora Sra. Peláez García en representación de María Sol Fernández Fernández contra D. Roberto Alberto Betancourt, Y DECLARAR DISUELTO POR DIVORCIO el matrimonio de los litigantes constituido en fecha 2 de febrero de 1999. Todo ello sin hacer expresa imposición de costas".

Y para que conste y sirva de notificación en forma al demandado ROBERTO ALBERTO BETANCOURT (en ignorado paradero/situación personal de rebeldía), expido y firmo el presente.

En Lugo, a treinta de marzo de dos mil diez.- EL SECRETARIO JUDICIAL, ilegible.

R. 02327

**Juzgado de lo Social núm. 3 de Lugo**

N.I.G.: 27028 44 4 2010 0000287.

07.410.

Nº AUTOS: DEMANDA 0000077/2010.

MATERIA: ORDINARIO.

DEMANDANTE: JOSE TABOELLE DIAZ.

DEMANDADO: CONSTRUCCIONES CONSTANTINO GARCIA GONZALEZ.

*Edicto*

D.ª MARIA DE LOS ANGELES LÓPEZ CARBALLLO, SECRETARIA DE LO SOCIAL NUMERO 003 DE LUGO.

HAGO SABER: Que por providencia dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de D. JOSE TABOELLE DIAZ contra CONSTRUCCIONES CONSTANTINO GARCIA GONZALEZ, en reclamación por ORDINARIO, registrado con el nº 0000077/2010 se ha acordado citar a CONSTRUCCIONES CONSTANTINO GARCIA GONZALEZ, en ignorado paradero, a fin de que comparezca el día CATORCE DE JULIO DE 2010, A LAS 10,30 HORAS, para la celebración de los actos de conciliación y en su caso juicio, que tendrán lugar en la sala de vistas de este Juzgado de lo Social número 003 sito en ARMANDO DURAN S/N EDIFICIO NUEVO DE

LOS JUZGADOS DE LUGO debiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y con todos los medios de prueba de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán en los estrados de este Juzgado, salvo las que deban revestir forma de auto o sentencia, o se trate de emplazamiento.

Y para que sirva de citación a CONSTRUCCIONES CONSTANTINO GARCIA GONZALEZ, se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y colocación en el tablón de anuncios.

En Lugo, a veintisiete de abril de dos mil diez.- EL/LA SECRETARIO/A JUDICIAL, ilegible.

R. 02328

N.I.G.: 27028 44 4 2008 0003.229.

01.000.

Nº AUTOS: DEM. 0001.044/2008.

Nº EJECUCION: 0000104/2009.

MATERIA: DESPIDOS.

DEMANDANTE: JENNIFER GONZALEZ ARIAS.

DEMANDADO: SOLUCIONES INFORMATICAS INFOSAR, S.L.L.

*Edicto*

DOÑA MARÍA DE LOS ÁNGELES LÓPEZ CARBALLLO, SECRETARIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NUM. 3 DE LOS DE LUGO.

CERTIFICO Y HAGO SABER:

Que en los autos número 1044/2008, EJECUCIÓN 104/2009, seguidos ante el Juzgado de lo Social número tres de Lugo, a instancia de DOÑA JENNIFER GONZÁLEZ ARIAS, contra la empresa "SOLUCIONES INFORMÁTICAS INFOSAR, S.L.L.", sobre DESPIDO, con fecha 23.04.10, se ha dictado AUTO, cuya parte dispositiva es del tenor literal siguiente:

"SE DECRETA EL EMBARGO del posible saldo existente en las cuentas corrientes de las entidades BBVA y Caixa d'Estalvis I Pensions de Barcelona, que figuren a nombre de la parte ejecutada, empresa "SOLUCIONES INFORMÁTICAS INFOSAR, S.L.L.", y se proceda a su retención hasta cubrir la cantidad de 9.866,02 euros, más 1.578,56 euros en concepto de intereses y costas, a tal efecto diríjanse atentos oficios a las referidas entidades para que, en caso de existir tal saldo, procedan a ingresar el citado importe en la cuenta corriente que este Juzgado tiene abierta en el Banco Banesto.- Notifíquese la presente a las partes, haciéndoles saber que contra la misma cabe interponer RECURSO DE REPOSICIÓN, en el plazo de CINCO días, contados a

partir de la notificación de esta resolución, previa consignación de 25,00 euros en la cuenta de este Juzgado 2324/0000/30/0104/09, con las excepciones previstas en la disposición adicional decimoquinta de la Ley Orgánica 1/2009 de 3 de noviembre.- Así lo manda y firma S.S. Ilma.; doy fe.”

